



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ACTA Nº 2 TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA TÉCNICO INFORMÁTICO DO CONCELLO DE ABEGONDO POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN (PERSONAL LABORAL FIXO)

En Abegondo, sendo as 12 horas do día 22 de xullo de 2021, reúnense na aula Cemit do concello de Abegondo os seguintes membros do tribunal nomeados pola alcaldía para a selección dunha praza de técnico informático

Presidente: Antonio Gómez-Iglesias Casal

Vogal: José Carmelo Sánchez Presedo

Vogal: José María Ares Abalo

Vogal: Paula Barreiro Paredes

Secretario: José Antonio Varela Doval

As bases xerais que rixen o procedemento foron publicadas no B.O.P. Nº 36 do 1 de xaneiro de 2018, as bases específicas foron publicadas no B.O.P. Nº 15 do 23 de xaneiro de 2020 e por resolución da alcaldía nº 217/2021 aprobáronse os candidatos admitidos e excluídos.

O segundo exercicio, proba practica:

2º. Exercicio:

- Exame práctico: exame práctico, de carácter eliminatorio e obrigatorio, para o desenvolvemento dunha proba de capacitación de nivel técnico.
- Este exercicio consistirá na realización nun tempo máximo de 30 minutos, dun suposto práctico determinado polo tribunal relacionado cun suposto/situación de índole teórico-práctica, referido ao contido do temario anexo (temario xeral e específico) e relacionado coas funcións do posto de traballo, determinado polo tribunal avaliador.
- A cualificación máxima deste exercicio é de 30 puntos, sendo necesario acadar 15 puntos para superalo. Como criterio de valoración, ademais dos coñecementos expostos, o tribunal considerará a orde nas ideas/conceptos, claridade expositiva e capacidade analítica e pragmática dos aspirantes na resolución do problema/situación formulado.
- O tribunal queda competencialmente capacitado para determinar a posibilidade de utilización de apoio legal e documental para a realización deste exercicio, con carácter previo á realización da proba.

Antes da realización da proba practica ábrese o sobre que contén os códigos aos efectos de identificar aos aspirantes que teñen que facer a presente proba, co seguinte resultado:

Código	Nomes
TI-004	Carlos Alberto Naya Guzman



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Procedeuse por parte do tribunal propoñer a realización do segundo exercicio consistente en :

O persoal da área de Cultura do Concello de Abegondo traballa de xeito habitual cunha aplicación web para a creación e xestión de toda a oferta de actividades culturais. A aplicación está aloxada nos servidores municipais e dispón tamén dun front end, accesible a través de Internet, que permite aos veciños e ao público en xeral, solicitar e xestionar as súas inscricións nas ditas actividades, previo rexistro.

Todo o persoal do departamento (a coordinadora do servizo, unha educadora social, unha mestra e unha auxiliar de biblioteca) traballa nas dependencias da Casa do Concello e dispón de cadanseu ordenador, tipo sobremesa, con Windows 10. Todos os equipos teñen instalado un antivirus actualizado e unha suite de ofimática (LibreOffice). A coordinadora dispón de privilexios de “administradora” da aplicación, polo que se lle permiten un conxunto de operacións restrinxidas ao resto de persoal da área, que comparte o rol de “operador”.

Para facilitar as comunicacións e o mellor desempeño das tarefas relacionadas cos seus respectivos postos de traballo, a organización proporciona ao persoal de Cultura un teléfono móbil (tipo smartphone).

No mesmo edificio da Casa da Concello, pero nun cuarto separado, está emprazado un armario (rack) cun par de servidores con sistema Windows 2016 Server (un que fai as veces de controlador de dominio e servidor DNS e outro que aloxa a aplicación web e o servidor de bases de datos que precisa a aplicación, neste caso unha instancia de PostgreSQL). O servidores teñen tamén instalada unha solución antivirus actualizada.

Todos os postos de traballo da Casa do Concello están cableados e conectados a unha liña de acceso a Internet con fibra simétrica de 200 MB. Para mellorar a seguridade, configuráronse dous dispositivos cortalumes, un para protexer a rede do exterior e outro cara á rede interna.

O técnico informático xestiona e administra todos os sistemas e aplica os parches e actualizacións de seguridade.

Supón que o Concello de Abegondo contrata os teus servizos como analista/auditor de riscos e experto en seguridade para facer a análise de riscos e mellorar a seguridade da organización. Tendo en conta a situación descrita, sen entrar en detalles de baixo nivel (como por exemplo a marca dos cortalumes), resposta ás seguintes preguntas:

1.- Identifica todos os activos que observas no suposto. Para isto, emprega a metodoloxía MAGERIT v.3 : Metodoloxía de Análise e Xestión de Riscos dos Sistemas de Información .

2.- Identifica as ameazas ás que están expostos os activos que identificaches no punto anterior que poidan ser incluídos no epígrafe Persoal do Catálogo de Elementos de MAGERIT v.3.

3. Reposta a cada unha das seguintes cuestións relacionadas co caso descrito :

a) Existe algunha ferramenta ou recurso que poida axudar coa tarefa da análise de riscos? Identifica de xeito razoado a/as que empregarías neste caso.

b) Existe algunha ferramenta ou recurso que poida axudar ou guiar á organización no camiño da súa adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade?

c) No caso de detectar un incidente de seguridade, a que estrutura/equipo deberá o concello notificar o incidente? Cales son as canles dispoñibles para a notificación?

d) Que incidentes de seguridade son de notificación obrigatoria para o concello?

e) Existe algunha ferramenta ou recurso que permita, cunha implementación sinxela, mellorar a protección de todos os equipos fronte a execución de código dañino de tipo ransomware?



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

4. Identifica recursos e accións formativas e de sensibilización, no eido das Administracións Públicas, que podería aproveitar o persoal do Concello, segundo os seus perfís profesionais, para mellorar as súas competencias en materia de ciberseguridade.

Unha vez realizada a proba practica, entre as 12.05 e 12,35 horas, o tribunal procede á corrección do exercicio, sendo o resultado o seguinte:

Nome	PUNTOS	APTO/NON APTO
Carlos Alberto Naya Guzman	25.2	APTO

A continuación o tribunal valora os expedientes correspondentes aos aspirantes que pasaron a proba da oposición co seguinte resultado

Nº	Nome	Méritos profesionais		Docencia	Cursos	Total
		publica	privada			
1	Carlos Alberto Naya Guzman	24.-	---	2.-	1	27.-

O resultado final do concurso – oposición para un técnico informático do concello de Abegondo polo sistema de concurso oposición (persoal laboral fixo) e o seguinte:

Nome	1º Exercicio	2 exercicio	Valoración expediente	Total
Carlos Alberto Naya Guzman	25,1	25,2	27	77,3

Estos resultados serán publicados na sede do concello <http://sede.abegondo.gal> e no taboleiro de anuncios, fixándose un prazo de 2 días a efectos de reclamacións as cales serán resoltas polo tribunal.

Este tribunal a vista dos resultados obtidos propón para a praza de técnico informático do concello de Abegondo a don Carlos Alberto Naya Guzman

E sendo as 12 horas e 55 minutos dáse por finalizada a sesión, e para que conste asinan a presente os membros do tribunal antes citados, do que como secretario do tribunal dou fe.

O secretario do tribunal

